

ACTA Nº 2019/11

SESIÓN ORDINARIA

PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

- Casa do Concello, xoves 1 de agosto de 2019 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e as concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal.

PRESIDE: ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SANCHEZ

ASISTEN:

BNG:

ADELINA CES QUINTANS
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
RAQUEL GARCIA ABUIN
TOBIAS BETANZOS REGO
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA
TOBIAS BETANZOS REGO.

PP:

GERMAN ALLUT VIDAL
MARIANO MOARES RIAL
ALICIA CAROU ROMERO
FRANCISCO RUBIO VICENTE

PsdeG-PSOE:

ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
MARIA JOSE TEMBRA MUÑIZ
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES

Rianxo en Común (REC):

JULIO ALCALDE HERMO
JULIAN BUSTELO ABUIN

GRUPO MIXTO(CS):

SARA MARIA RESUA PATIÑO

SECRETARIA: MONICA PICHEL GARCIA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación Acta nº 10/2019 do Pleno en sesión extraordinaria urxente do 08/07/2019
2. Aprobación Acta nº 9 /2019 do Pleno en sesión organizativa do 18/07/2019
3. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
4. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico co número 2019/G010/000011 e identificado pola pegada dixital:

f828a877fe162f224e94ead3f0209eaf04bc67b0eacdab655c8381c62177a727

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dipoñible para o público na URL:

https://www.youtube.com/watch?v=F0R_3hOB84w

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

1. APROBACIÓN ACTA Nº 10/2019 DO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO 08/07/2019

- A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 10/2019 de 08/07/2019.

O señor Allut sinala que hai un erro na acta, na primeira páxina, no apartado AUSENTES se indica que o citado concelleiro forma parte do grupo PsdeG-PSOE, cando se debería de incluír ao citado concelleiro no apartado AUSENTES, aliña terceira, onde se indica o grupo municipal PP. A secretaria confirma o erro e acto seguido propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 08/07/2019, Acta nº 10/2019, coa corrección anteriormente indicada.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da Corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, **APROBAR** a proposta nos termos desta.

2. APROBACIÓN ACTA Nº 9 /2019 DO PLENO EN SESIÓN ORGANIZATIVA DO 18/07/2019

- A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 9/2019 de 18/07/2019.

Propónse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 18/07/2019, Acta nº 9/2019.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da Corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a **proposta** nos termos desta.

3. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A Presidencia informa o Pleno das resolucións da Alcaldía da 328/2019 á 615/2019 ditadas nos meses de ABRIL, MAIO e XUÑO que foron trasladadas ás persoas que compoñen o Pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

A Presidencia informa o Pleno das actas da Xunta de Goberno que foron trasladadas ás concelleiras e aos concelleiros xunto coa convocatoria desta sesión:

- 1 Acta 07/2019 da sesión ordinaria do 08/04/2019
- 2 Acta 08/2019 da sesión extraordinaria do 29/04/2019
- 3 Acta 09/2019 da sesión ordinaria do 13/05/2019
- 4 Acta 10/2019 da sesión extraordinaria do 07/06/2019
- 5 Acta 11/2019 da sesión extraordinaria do 12/06/2019
- 6 Acta 12/2019 da sesión ordinaria do 18/07/2019.

Antes de pasar ao punto 4º da orde do día, relativo aos Rogos e Preguntas, o señor Alcalde intervén para sinalar que por rexistro de entrada presentáronse dúas mocións polo grupo municipal Rianxo en Común e que vai a ceder a palabra á secretaria do Concello para informar ao respecto.

A secretaria intervén para sinalar que respecto á moción relativa á creación dun Centro de Información á Muller (CIM) presentada por Rexistro entrada no Concello en data de 26.07.2019, R.E. nº 3663, a citada moción supón a implantación dun novo servizo no Concello de Rianxo. A este respecto debe indicarse que conforme á Lei 27/2013 de racionalización e sostenibilidade da Administración local de Galicia, introduxo unha profunda modificación no réxime competencial dos municipios, rmodificando as competencias municipais na materia que nos ocupa nos seguintes termos:

Artigo 25.2 LBRL: os municipios exercerán como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

(...)

- e) Evaluación e información de situacións de necesidade social e á atención inmediata a personas en situación o risco de exclusión social.

Competencias que serán determinadas por Lei debendo avaliar a conveniencia da implantación dos servizos sociais conforme aos principios de descentralización, eficiencia, estabilidade e sostenibilidade financeira. Lei que así mesmo deberá prever a dotación dos recursos precisos para asegurar a suficiencia financeira das EELL sin que isto poida conlevar, en ningún caso, un maior gasto para as AAPP. Estas leis determinarán a competencia municipal propia de que se trate garantindo que non se

produce unha atribución simultánea de competencia a outra AAPP.

Neste senso, débese lembrar que a Lei en materia de servizos sociais de Galicia é do ano 2008, anterior pois á modificación establecida pola LBRL, e polo tanto non axustada aos termos da mesma.

Unha lei, que distingue entre servizos de competencia municipal (cal serían os servizos sociais básicos e específicos) e servizos de competencia autonómica (cal serían os servizos especializados). Definindo os especializados como “ os servicios sociales especializados están referenciados a un sector de poboación ou a unha necesidade determinada que demandan unha maior especialización técnica, unha especial intensidade na intervención o unha base territorial de intervención de carácter supramunicipal.”.

Así o exposto, resulta convinte en primeiro lugar precisar que debería de incorporarse ao expediente que a tal fin se tramite un informe da Traballadora social clasificando o tipo de servizo social no que nos atopamos, aos efectos de evaluar a competencia sobor do mesmo (indicando que sen perxuízo de mellor criterio da Xunta de Galicia e sen perxuízo de mellor criterio da traballadora social do Concello, de entrada e sen maior exame sobor do asunto, parecería que se trate dun servizo social especializado.).

Así de tratarse dunha competencia autonómica, sería precisa a tramitación do expediente previsto no artigo 3 e seguintes da Lei 5/2014 de 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (informes preceptivos das AAPP competentes e da Consellería de Facenda da CCAA, previa memoria que analice a capacidade de xestión da entidade local en relación coa forma concreta de prestación do servizo, debendo lembrar a este respecto ás limitacións en canto á incorporación de personal na Administración Local se establecen polas sucesivas leis orzamentarias, non sendo posible a implantación dun novo servizo con personal laboral temporal).

De tratarse da implantación dun servizo novo pero de competencia municipal, debe lembrarse que sen perxuízo da necesaria emisión dos informes xurídicos e económicos preceptivos, a implantación dun novo servizo , debería ir precedida da tramitación dun expediente de contido similar aos previsto no artigo 97 do TRRL, que analice os aspectos económicos , xurídicos, sociais , ...do servizo a implantar e sobre todo a súa forma de xestión, cuxa competencia para a súa determinación corresponde ao Pleno do Concello.

En definitiva, enténdese que a Proposta de acordo formulada polo grupo municipal Rianxo en Común está precisa dun expediente conforme aos parámetros anteriormente indicados, que non obra no presente momento.

Non obstante, podería reconducirse como ROGO á Alcaldía no correspondente punto de Rogos e Preguntas, para evaluar á posibilidade de atender á petición formulada e na medida do posible, dar tramitación á petición formulada.

Respecto á moción relativa á creación, nun espazo de titularidade municipal, dunha aula de estudio de carácter permanente, cos servizos, condicións de insonoridade e horario, acaídos para que os usuarios poidan estudar con comodidade, presentada no R.E. en data de 26.07.2019 con número 3662, a este respecto debe indicarse en primeiro lugar que as competencias do Pleno do Concello están tasadas na LBRL, debendo interpretarse restrictivamente as mesmas, non en vano, a citada LBRL establece a competencia residual do señor Alcalde en todo o non previsto no artigo 22 da citada norma.

Así o exposto, sempre que non se pretenda a implantación dun novo servizo público entendido como tal, si o que se pretende é a utilización dun espazo público como aula de estudo, en ausencia dun Regulamento municipal que determine ao uso das instalacións públicas, podería entenderse de competencia da alcaldía. Non obstante si para a adopción do acordo se precisa da realización de obras de insonorización e demáis, isto suporía ter que acudir á normativa contractual aos efectos de determinar o órgano competente conforme á Disposición Adicional 2ª da LCSP. É dicir, á luz da

xeneralizade coa que se formula a proposta de Acordo no pode entenderse que estemos ante unha competencia de Pleno, e considérase que o seu encaixe propio é o de ROGO, no corresponde punto da Orde do día, aos efectos de que pola Alcaldía se adopten as medidas oportunas para valorar a utilización dun local axeitado para implantar un aula de estudo e no seu caso, de ser viable, facer as contratacións oportunas.

Non obstante o anterior, a secretaria informa que si o voceiro do grupo municipal propoñente segue a querer manter ás súas propostas, que as mesmas deberán ser sometidas a votación para poder ser ratificada a súa urxencia e poder ser tratadas, para o cal deberá obterse a maioría absoluta correspondente, manténdose a secretaria nas advertencias efectuadas de viva voz.

En atención ao exposto, o voceiro do grupo municipal Rianxo en Común di que non quere someter a votación para a inclusión na orde do día as mocións presentadas, e que está conforme en incluír as citadas propostas (a creación dun CIM no Concello de Rianxo e un protocolo de actuación fronte a violencia machista así como a creación dun aula de estudio nun espazo de titularidade municipal) e que está conforme con plantexalas como rogos no citado punto da Orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

As intervencións desta sesión están incorporadas a unha acta multimedia no expediente electrónico con número 2019/G010/000011 e identificado pola pegada dixital:

f828a877fe162f224e94ead3f0209eaf04bc67b0eacdab655c8381c62177a727

O vídeo gravado na sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible publicamente na seguinte URL:

https://www.youtube.com/watch?v=F0R_3hOB84w

Ás 21:05 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Rianxo, luns 19 de agosto de 2019

A secretaria, Mónica Pichel García

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez.